



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación e Cultura

Aprobación das bases do programa F0202/2026

ANUNCIO

Mediante resolución de Presidencia aprobáronse as Bases reguladoras do Programa de subvencións ás asociacións de pais e nais (ANPAS) existentes nos centros educativos de titularidade pública da provincia da Coruña para a realización de actividades no ano 2026, cuxo texto se transcribe:

BASES REGULADORAS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA, DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS ÁS ASOCIACIÓNS DE PAIS E NAIS (ANPAS) EXISTENTES NOS CENTROS EDUCATIVOS DE TITULARIDADE PÚBLICA DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO ANO 2026 (F0202/2026)

Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección	Sección de Educación e Cultura
Anualidade	2026
Denominación	Programa de subvencións ás asociacións de pais e nais (ANPAS) existentes nos centros educativos de titularidade pública da provincia da Coruña para a realización de actividades no ano 2026
Beneficiarios	Asociacións de pais e nais (ANPAS) existentes nos centros educativos de titularidade pública da provincia da Coruña
Programa	F0202/2026
Aplicación orzamentaria	0612/3269/481
Importe da convocatoria	250.000 € Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.
Importe do orzamento de gastos	Sen límite
Importe da subvención que se vai conceder	Mínimo 1.500 - Máximo 10.000 €
Importe solicitado	Do 20% ao 80% do orzamento de gastos subvencionable
Coefficiente de financiamento	Variable entre o 20% e o 80%
Gasto anticipado	Si, será de aplicación o establecido na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

Exposición de motivos

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

1.- BASES ESPECÍFICAS

Base 1. Réxime xurídico

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas pola Deputación é o establecido na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias e na seguinte normativa específica:

- Lei 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia

A presente subvención está incluída no plan estratéxico provincial de subvencións da Deputación 2025-2027 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 27 de setembro do 2024 e contribúe ao logro dos obxectivos incorporados no dito plan, en particular ao Obxectivo Estratéxico 7: "Apoiar, promover e difundir a cultura e a formación no ámbito provincial", e ao seu obxectivo operativo 0.37 (apoiar a prestación de servizos culturais e formativos a nivel local), mediante o apoio á realización de actividades por parte das asociacións de pais e nais (ANPAS) existentes nos centros educativos de titularidade pública da provincia da Coruña

Base 2. Obxecto e finalidade

2.1 Obxecto

O obxecto da presente convocatoria é a concesión de axudas en réxime de concorrência competitiva para colaborar nos gastos derivados das actividades levadas a cabo durante o ano 2026 polas asociacións de nais e pais de alumnado dos centros de educación primaria e institutos de educación secundaria de titularidade pública existentes na provincia da Coruña.

Para os efectos desta convocatoria enténdese por actividade subvencionable os proxectos, programas e/ou actividades de lecer, formativas e educativas que contribúan aos seguintes obxectivos:

- Enriquecer a formación da poboación escolar na provincia da Coruña a través de actividades complementarias á formación regrada que reciben nos centros educativos.
- Promover a convivencia da poboación escolar fóra do ámbito puramente académico.
- Propiciar a mellora do rendemento por parte dos alumnos.
- Promover a realización de saídas didácticas de carácter cultural.
- Promover a realización de actividades extraescolares destinadas ao reforzo educativo, orientado á superación dos exames por parte dos alumnos con máis dificultades para o normal seguimento das materias impartidas polos centros
- Promover a realización de actividades extraescolares promovidas polas ANPAS.
- Promover a realización de actividades de mellora do coñecemento, mediante o fomento de encontros e xornadas formativas orientadas ao alumnado, de nais e pais.

2.2.- Finalidade

A finalidade desta subvención é potenciar actividades formativas e outro tipo de actividades de crecemento e desenvolvemento persoal baseado en valores, como complemento da educación, favorecendo a participación das familias na vida escolar.

Entre os obxectivos específicos están impulsar as actividades de conciliación familiar e de encontro entre o alumnado e as familias así como favorecer a inclusión e igualdade de oportunidades entre o alumnado.

2.3.-Ámbito temporal

As actividades obxecto deste programa deben realizarse no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026. Polo tanto, unicamente admitiranse xustificantes de gastos expedidos dentro das datas sinaladas.

Excepcionalmente, para xustificar os gastos que fosen realizados no final do período da convocatoria, poderán admitirse xustificantes que sexan expedidos antes do 16 de xaneiro de 2027.

Base 3. Solicitantes

A presente convocatoria vai dirixida a asociacións de pais e nais (ANPAS) de centros educativos de titularidade pública da provincia da Coruña legalmente constituídas e que cumpran os requisitos desta convocatoria e os requisitos establecidos na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias no momento de presentaren a solicitude.

Entidades excluídas:

- ANPAS de centros privados e concertados.

Base 4. Gastos subvencionables

Gastos subvencionables no programa F0202/2025:

CONTA	DESCRICIÓN DA CONTA, SEGUNDO O PXCPENL
600	Compras de bens destinados á actividade (material non inventariable)
607	Traballos realizados por outras empresas para o desenvolvemento da actividade
621	Arrendamentos e canons
624	Transportes (só gastos de desprazamentos concertados con terceiros en transporte público ou privado)

CONTA	DESCRICIÓN DA CONTA, SEGUNDO O PXCPENL
640	Soldos e salarios
642	Seguridade social a cargo da entidade

Consideraranse gastos subvencionables os realizados no ano natural 2026 que de maneira indubidativa respondan á natureza da actividade subvencionable e se realicen no prazo establecido nesta convocatoria. Así, enténdense subvencionables:

- Gastos derivados de viaxes didácticas e culturais: Que inclúan no seu desenvolvemento a visita a lugares ou a asistencia a eventos de carácter histórico, artístico ou medioambiental.
- Gastos de actividades extraescolares: Entendendo como tales, as desenvoltas fóra do horario lectivo con carácter estable ao longo dun período similar ao curso escolar dentro das instalación educativas.
- Gastos da organización de encontros, xornadas ou saídas: Entendendo como tales aquelas orientadas á mellora do coñecemento e convivencia do alumnado, pais e nais de alumnos/as.
- Gastos de actividades que fomenten a conciliación da vida laboral e familiar (por exemplo, "servizo de cueiros" ou "servizo de mañanceiros"), entendendo como tales aquelas que os centros educativos non ofrecen aos pais e nais durante a xornada lectiva.
- Gastos das actividades que favorezan a realización de actuacións conxuntas entre a comunidade educativa.
- Gastos derivados das actividades que desenvolvan actuacións de carácter integrador que promovan a inclusión, a convivencia e a igualdade na comunidade educativa.
- Gastos derivados das actividades que promovan o uso da lingua galega na comunidade educativa.
- Gastos derivados das actividades que fomenten o respecto polo medioambiente na comunidade educativa.

Consideracións con respecto aos gastos subvencionables:

- Unicamente serán obxecto de axuda os gastos de carácter corrente, en ningún caso bens inventariables.
- No caso de que contrate cun mesmo provedor un gasto superior a 15.000 € (IVE excluído) pola prestación dun servizo, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres orzamentos de diferentes provedores con carácter previo á contratación.
- No caso dos soldos e salarios e seguridade social, unicamente se terán en conta os do persoal relacionado coas actividades subvencionadas. Deberá acreditarse esta vinculación na memoria xustificativa.

Base 5. Compatibilidades e exclusións

As subvencións deste programa son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

As subvencións deste programa son incompatibles con outras subvencións desta Deputación.

Base 6. Forma e prazo da solicitude

Non se admitirá máis dunha solicitude por persoa ou entidade. Co fin de que non se eluda o cumprimento deste límite, considerarase que existe só una persoa xurídica privada cando as persoas socias ou directivas sexan comúns en máis dun 50 por cento en dúas ou máis entidades nos termos establecidos na Lei xeral de subvencións e nas súas normas de desenvolvemento, así como as que puideren encaixar no concepto de grupo nos termos dispostos no Código de Comercio.

A forma de presentación da solicitude será a que se indica na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

O prazo de presentación de solicitudes determinarase na convocatoria, que se publicará no BOP, por conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións.

Os datos persoais facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña, como responsable do tratamento, co fin de levar a cabo a tramitación administrativa dos programas de subvención. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Máis información na Política de Privacidade da Deputación.

Base 7. Compromisos e obrigas

Ademais dos requisitos dispostos con carácter xeral na lexislación básica estatal e autonómica e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación, as persoas beneficiarias deberán cumprir cos seguintes compromisos e obrigas:

7.1 Recollida de datos desagregados

Recabar datos desagregados por sexo no caso de realizar estudos, estatísticas, enquisas e formularios.

7.2 Difusión do apoio da Deputación:

As entidades solicitantes procederán á inclusión do logotipo da Deputación, e de calquera outra fórmula de difusión tipo slogan ou imaxe de campaña, nos soportes de difusión das actividades subvencionadas, facendo constar ao seu carón o texto: "Actividade subvencionada pola Deputación da Coruña".

As entidades ostentarán, en lugar visible e na súa páxina web, a imaxe corporativa da Deputación da Coruña.

As entidades solicitantes, na difusión das actividades subvencionadas en redes sociais, deberán incluír ou etiquetar nas súas entradas aos perfís da deputación provincial da Coruña.

7.3 Lingua galega

As entidades solicitantes deberán ter sempre a súa páxina web oficial en lingua galega e o conxunto de soportes informativos e de difusión das súas actividades (folletos, carteis, cuñas de audio, programas de man ou calquera outro soporte de difusión) deberán de estar sempre en lingua galega, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas.

Base 8. Valoración das solicitudes e procedemento de concesión

8.1 Procedemento de concesión

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva polo procedemento de concesión provisional e concesión definitiva regulado na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña e será aprobada por resolución da presidencia.

A cantidade que se concederá dependerá da suma agregada dos diferentes criterios e as súas respectivas ponderacións, tendo en conta os límites máximos e mínimos cuantitativos e porcentuais establecidos, así como o redondeo ao céntimo das cantidades resultantes.

Para a revisión das solicitudes, o baremo e puntuación destas, crearase unha comisión técnica con 3 persoas de recoñecida traxectoria no ámbito educativo que non teñan relación con ningún dos solicitantes nin relación directa cos proxectos que se poidan presentar.

A designación dos membros da comisión técnica realizarase por Resolución de Presidencia, e será pública, a través da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Esta comisión poderá propoñer a exclusión de solicitudes por inadecuación argumentada destas ou falta de calidade mínima dos proxectos para os que se solicita a axuda.

A entidade deberá completar todos os apartados da Memoria, para posibilitar a adecuada valoración da solicitude. Non se terán en conta para o baremo -nin se fará requirimento deles- aqueles aspectos da Memoria non acreditados ou non informados debidamente pola entidade solicitante.

No caso de contradición entre a memoria e os datos completados na solicitude prevalecerán os datos contidos na memoria.

8.2.a VALORACIÓN DIRECTA DE DATOS, ata 40 puntos

- **Coeficiente de financiamento derivado da solicitude**, ata 15 puntos.
- **Número de persoas socias da entidade**, ata 15 puntos
- **Número de actividades realizadas no curso anterior**, ata 10 puntos

Entenderase por actividade unha acción ou programa con identidade propia, con independencia do número de sesións, días de duración ou participantes que inclúa. Para os efectos de valoración, non se computarán como actividades diferenciadas as sesións repetidas dunha mesma acción formativa, cultural ou lúdica, aínda que se desenvolvan en distintas datas.

As actividades deberán ser descritas na memoria da solicitude, indicando a súa denominación, contido e destinatarios. En caso de non figurar esta descrición na memoria, a actividade non será obxecto de valoración nin se terá en conta para os efectos da puntuación

8.2.b VALORACIÓN DA COMISIÓN TÉCNICA, ata 60 puntos, a través de informe da Comisión de Valoración Técnica, en que se teñen en conta os seguintes aspectos:

Interese do proxecto presentado, valorado por unha comisión técnica de persoas expertas no ámbito educativo alleas á Deputación, que emitirá un informe motivado, tendo en conta o seu grado de elaboración, concreción e coherencia cos seus propios obxectivos e coa finalidade da propia convocatoria.

Desagregarase en:

- Calidade e solvencia técnica da proposta, en termos de elaboración do proxecto (obxectivos, actividades e plan de traballo). Ata 30 puntos.
- Coherencia e interese das actividades. Ata 20 puntos.
- Presenza de elementos innovadores na proposta de contidos, na meteoroloxía ou nos recursos utilizados para o desenvolvemento do proxecto. Ata 10 puntos.

Base 9. Xustificación e pago

Será de aplicación a conta xustificativa simplificada nos termos do artigo 75 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

A xustificación poderá presentarse a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión definitiva das subvencións no BOP. O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día **31 de marzo de 2027**, ás 14:00 horas.

Base 10.- Incumplimentos e sancións

Será de aplicación o disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias.

ANEXOS DOCUMENTACIÓN

ANEXO I - Documentación da solicitude

Declaracións:

- A entidade que represento cumpre todos os requisitos esixidos aos solicitantes na lexislación vixente en materia de subvencións, nas bases reguladoras da presente convocatoria e na ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña, e no caso de resultar beneficiaria da subvención comprométese a cumprir fielmente todas as obrigas e compromisos recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fehaciente o seu cumprimento, no caso de ser requirida pola Deputación.
- A entidade que represento comprométese a utilizar a lingua galega no desenvolvemento do proxecto subvencionado e na produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada, e a dar cumprimento á aquelas outras obrigas establecidas nas bases específicas en relación coa lingua galega.
- A entidade que represento comprométese a empregar unha linguaxe non sexista e inclusiva; tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero e a recabar datos de participación desagregados por sexo no caso de estudos, estadísticas, enquisas e formularios.
- A entidade que represento comprométese a dar cumprimento as obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases específicas.
- No caso de que algunha das actividades implique contacto habitual con menores, a entidade que represento comprométese a comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade sexual.
- A entidade que represento está legalmente constituída antes da presentación da solicitude e dispón dos estatutos adaptados á lei vixente. Asemade, o seu obxecto a faculta para a participación nesta convocatoria.
- Declaro que nin eu nin a entidade á que represento estamos incurso/as en ningunha das prohibicións previstas no art. 10 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, do 13 de xuño para ser beneficiarias ou percibir subvencións da administración pública.
- A entidade que represento comprométese a solicitar tres orzamentos de distintos provedores, no caso de que contrate cun mesmo provedor un gasto superior a 15.000 € (IVE excluído) pola prestación dun servizo, e de que seleccionará un deles de xeito motivado, nos termos do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

Documentación:

- Certificación do acordo de solicitude, de representación, delegación, cargos da entidade e, no seu caso, número de persoas asociadas.
- Memoria da solicitude.
- Estatutos da entidade adaptados á lexislación vixente nos que conste a inscrición no rexistro público correspondente.
- No caso de que a entidade solicitante concerte a execución total ou parcial da actividade ou proxecto subvencionado con persoas físicas ou xurídicas vinculadas á entidade: Solicitude de autorización segundo o disposto no artigo 29.7.d, da Lei xeral de subvencións e artigo 68 do Regulamento desta lei aprobado por RD 887/2006, do 21 de xullo.
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma SUBTEL.

ANEXO II - Documentación xustificación**Declaracións:**

- A entidade que represento deu cumprimento ás obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases específicas.
- No caso de que algunha das actividades realizadas implicara contacto habitual con menores, a entidade que represento comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade sexual.
- A entidade que represento non ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada pola Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes.
- No caso en que os gastos subvencionables non acaden o importe mínimo a xustificar, ou se aplique algunha das reducións contempladas nas bases ou no caso en que a achega provincial, xunto cos outros ingresos percibidos para o mesmo obxecto, supere aos gastos executados: A entidade que represento renuncia á parte da achega provincial non xustificada e, no seu caso, acepta o reintegro da cantidade anticipada. .
- No caso en que a xustificación se presente fóra de prazo: A entidade que represento acepta a sanción que corresponde e consinte en efectuar voluntariamente o pagamento desta mediante compensación no pago da subvención, e non presentará alegacións nin recurso algún ao respecto (Esta declaración suporá unha REDUCCIÓN DO IMPORTE DA SANCIÓN DUN 90%).

Documentación:

- Acreditación da representación, delegación e cargos da entidade, no seu caso.
- Memoria xustificativa.
- Relación clasificada dos gastos realizados: Documento descargable en SUBTeL e que se xera automaticamente unha vez rexistrados os gastos da actividade ou investimento obxecto de subvención no apartado correspondente da xustificación.

No suposto de que se xustifiquen gastos de persoal, no detalle de gastos indicárase, para cada traballador/a e mes, o importe bruto da nómina (conta 640) e o importe da seguridade social con cargo á entidade (conta 642) que corresponda en función do tempo destinado ao proxecto subvencionado.

- Relación detallada dos ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así coma dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para a mesma finalidade
- Declaración da entidade indicando se está ou non exenta do IVE e se está suxeita á regra de rateo a porcentaxe deducible, xa que só poderá terse en conta o cargo co dito imposto cando sexa soportado pola entidade e na porcentaxe que non fora deducible.
- Proba documental dos medios polos que se lle deu difusión á subvención concedida e do uso da lingua galega.
- No caso de que contratase cun mesmo provedor un gasto superior a 15.000 € (IVE excluído) pola prestación dun servizo: Copia dos tres orzamentos solicitados e motivación da contratación da empresa seleccionada no caso de que non sexa a máis económica.
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social

Documentación adicional no caso de que a entidade non estea dada de alta na base de datos de terceiros da Deputación provincial da Coruña ou teña intención de designar unha nova conta bancaria:

- Designación de conta bancaria da entidade no modelo aprobado pola Deputación da Coruña, asinado co certificado de representación da entidade.
- Certificado acreditativo da titularidade da conta, emitido e asinado electronicamente pola entidade bancaria correspondente ou asinado co certificado de representación da entidade solicitante.

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma SUBTEL.

A Coruña, 6 de novembro de 2025

Presidente da Deputación Provincial da Coruña

VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO

Secretario xeral

MIGUEL IGLESIAS MARTÍNEZ

2025/7322